

Sobre as ONG:

[ProemAID](#) é un equipo español de profesionais das emerxencias que dende 2015 axuda de forma voluntaria no sudeste da Illa grega de Lesbos. Ademais dende 2017, tamén leva o seu traballo ao Mediterráneo Central.

Os equipos están formados por bombeiros, mergulladores, nadadores de rescate e sanitarios que auxilian e rescatan a persoas en grave risco no mar. Teñen un proxecto en funcionamento, o Proxecto Auga, que ten como obxectivo fundamental que as persoas que viviron unha experiencia traumática fuxindo de conflitos perdan o medo ao mar.

PROEM AID
PROFESSIONAL EMERGENCY AID

[Project Elea](#) era unha organización independente formada por voluntarios de todo o mundo e financiada con donacións privadas. Traballaban no campo de refuxiados Eleonas (situado ás aforas de Atenas). Este proxecto nace da necesidade de mellorar as condicións e calidade de vida dos miles de refuxiados que están retidos en Grecia dende o peche das fronteiras producido en 2016. Project Elea traballaba axudando no día a día dos máis de 2500 residentes de 26 grupos étnicos diferentes desenvolvendo un programa de máis de 30 actividades educativas, artísticas, deportivas, culturais, medioambientais y de integración social, centradas en dignificar a súa situación.

